



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

**Mestrado Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria**

**Especialidade: Reeduación Funcional, Autonomía Persoal e  
Calidade de Vida**

Curso académico 2020/2021

TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

**Aplicación dos produtos de apoio de alta  
tecnoloxía no desempeño ocupacional das  
persoas con discapacidade visual: Scoping  
Review**

**Lucía Recarey Regueira**

**Xullo 2021**

## **DIRECTORAS DO TRABALLO**

M<sup>a</sup> de las Mercedes Seoane Bouzas: Terapeuta ocupacional. Profesora da Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña.

Laura Nieto Riveiro: Terapeuta ocupacional. Profesora da Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña.

## **ÍNDICE DE CONTIDOS**

1.	INTRODUCCIÓN.....	11
1.1.	Produtos e tecnoloxías de apoio.....	11
1.2.	Descrición da discapacidade visual .....	13
1.3.	Repercusións da discapacidade visual no desempeño ocupacional 16	
1.4.	O Modelo da Actividade Humana e da Tecnoloxía de Apoio.....	17
1.5.	Produtos e tecnoloxías de apoio para as persoas con discapacidade visual .....	19
2.	FORMULACIÓN DA PREGUNTA DE ESTUDO.....	23
3.	METODOLOXÍA.....	24
3.1.	Deseño do estudo.....	24
3.2.	Criterios de selección.....	24
3.3.	Estratexia de busca .....	26
3.4.	Selección das fontes de evidencia.....	26
3.5.	Variables.....	27
3.5.1.	Variables bibliométricas .....	27
3.5.2.	Variables temáticas .....	29
3.6.	Análise de datos .....	30
4.	RESULTADOS.....	31
4.1.	Variables bibliométricas .....	31
4.1.1.	Artigo.....	31
4.1.2.	Autoría.....	33

4.1.3.	Revista .....	34
4.1.4.	Congresos.....	37
4.2.	Variables temáticas .....	38
4.2.1.	Persoa.....	38
4.2.2.	Actividade.....	39
4.2.3.	Tecnoloxía de apoio .....	42
4.2.4.	Contexto.....	44
5.	SÍNTESI DE RESULTADOS.....	45
6.	DISCUSIÓN .....	47
6.1.	Limitacións da revisión e futuras liñas de investigación.....	54
7.	CONCLUSIÓN.....	55
8.	AGRADECIMENTOS.....	56
9.	BIBLIOGRAFÍA .....	57
10.	APÉNDICES .....	72
10.1.	Apéndice I: Lista de verificación do protocolo PRISMA para Scoping Review.....	72
10.2.	Apéndice II: Estratexia de busca nas bases de datos .....	74
10.3.	Apéndice III: Proceso de selección das fontes de evidencia ...	76
10.4.	Apéndice IV: Formulario empregado no proceso de selección das fontes de evidencia .....	93
10.5.	Apéndice V: Artigos incluídos na revisión.....	94

## **ÍNDICE DE FIGURAS**

Figura 1. Causas globais de discapacidade visual debido a enfermidades oculares. ....	14
Figura 2. Limitación para ver segundo grupo de idade en España (unidades en porcentaxe). Enquisa Nacional de Saúde, Instituto Nacional de Estatística. ....	15
Figura 3. Clasificación das axudas sensoriais existentes para as persoas con discapacidade visual. ....	20
Figura 4. Diagrama de fluxo PRISMA.....	27
Figura 5. Ano de publicación.....	31
Figura 6. Tipo de estudo.....	32
Figura 7. Tipo de estudo orixinal.....	32
Figura 8. Metodoloxía dos artigos.....	33
Figura 9. Número de asinantes.....	33
Figura 10. País de publicación.....	34
Figura 11. Revistas con maior número de artigos sobre a temática de estudo.....	34
Figura 12. Factor de impacto JCR 2020.....	35
Figura 13. Factor de impacto SJR 2020.....	35
Figura 14. Número de revistas en cada cuartil nos índices JCR e SJR... ..	36
Figura 15. Categorias ás que pertencen as revistas segundo JCR.....	36
Figura 16. Categorias ás que pertencen as revistas segundo SJR.....	37
Figura 17. Condicións de saúde das persoas participantes.....	38
Figura 18. Graos de discapacidade visual das persoas participantes.....	39

Figura 19. Compoñentes da actividade do modelo HAAT facilitados pola TA .....	39
Figura 20. Métodos de entrada de información da TA .....	42
Figura 21. Métodos de saída da información da TA .....	43
Figura 22. Participación das persoas usuarias da TA no proceso de deseño .....	43
Figura 23. Contexto da vida diaria aos que se dirixe a TA.....	44
Figura 24. Contexto no que foi levado a cabo o experimento .....	44

## **ÍNDICE DE TÁBOAS**

Táboa I. Fortalezas e limitacións do modelo HAAT. ....	18
Táboa II. Compoñentes do modelo HAAT. ....	19
Táboa III. Descrición das variables bibliométricas .....	28
Táboa IV. Descrición das variables temáticas .....	29
Táboa V. Congresos .....	37
Táboa VI. Actividades que son facilitadas pola TA .....	40

## **ÍNDICE DE ABREVIATURAS, ACRÓNIMOS E SIGLAS**

CIE-11: 11ª Edición da Clasificación Internacional de Enfermidades.

CIF: Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde.

DMAE: Dexeneración macular asociada á idade.

HAAT: Human Activity Assistive Technology.

ICCSCE: International Conference on Control System, Computing and Engineering.

ICCVW: International Conference on Computer Vision Workshops.

IHSED: International Conference on Human Systems Engineering and Design.

INE: Instituto Nacional de Estatística.

JCR: Journal Citation Reports.

MIE: Medical Informatics Europe Conference.

OMS: Organización Mundial da Saúde.

PIO: Population, intervention, outcome.

PRISMA-ScR: Preferred Reporting Items for Systematic reviews and Meta-Analyses extension for Scoping Reviews.

RTIP2R: International Conference on Recent Trends in Image Processing and Pattern Recognition.

SJR: SCImago Journal Rank.

TA: Tecnoloxía de apoio.

TIC: Tecnoloxías da información e as comunicacións.

## **RESUMO**

**Introdución:** As persoas con discapacidade visual poden experimentar dificultades na realización de diferentes ocupacións cotiás. A tecnoloxía de apoio (TA) debe actuar coma un facilitador na participación desta poboación en actividades desexadas.

**Obxectivo:** Coñecer se os produtos de apoio de alta tecnoloxía dan resposta ás dificultades no desempeño ocupacional coas que se atopan máis frecuentemente as persoas con discapacidade visual no seu día a día.

**Metodoloxía:** Seguiuse unha metodoloxía de revisión de alcance. A busca bibliográfica foi levada a cabo nas bases de datos CINAHL, PubMed, Scopus e Web of Science. As variables temáticas establecéronse seguindo os compoñentes propostos polo Modelo da Actividade Humana e da Tecnoloxía de Apoio. Para a súa análise empregouse un enfoque mixto.

**Resultados:** Na mostra incluíronse un total de 44 estudos. En moitos casos, non se especificou certa información relativa ás persoas participantes. A TA analizada centrouse principalmente na detección e na evitación de obstáculos, facilitando a mobilidade funcional. Os dispositivos reciben a información mediante sistemas de cámaras para transmitirla á persoa por son. A TA está deseñada para contextos tanto interiores coma exteriores da vida diaria, e foi testada maiormente en ambientes reais.

**Conclusión:** Os produtos de apoio de alta tecnoloxía están dirixidos principalmente a facilitar a mobilidade funcional, a participación social, e a lectura das persoas con discapacidade visual. En menor medida, abordaron a educación, o deporte e as tarefas do fogar. Así, non se centraron noutras actividades relevantes como a conducción ou o emprego.

**Palabras chave:** baixa visión, cegueira, produtos de apoio de alta tecnoloxía, participación ocupacional, Modelo da Actividade Humana e da Tecnoloxía de Apoio, Terapia Ocupacional.

**Tipo de traballo:** Revisión bibliográfica.



## **RESUMEN**

**Introducción:** Las personas con discapacidad visual pueden experimentar dificultades en la realización de diferentes ocupaciones cotidianas. La tecnología de apoyo (TA) debe actuar como un facilitador en la participación de esta población en actividades deseadas.

**Objetivo:** Conocer si los productos de apoyo de alta tecnología dan respuesta a las dificultades en el desempeño ocupacional con las que se encuentran más frecuentemente las personas con discapacidad visual en su día a día.

**Metodología:** Se siguió una metodología de revisión de alcance. La búsqueda bibliográfica se llevó a cabo en las bases de datos CINAHL, PubMed, Scopus y Web of Science. Las variables temáticas se establecieron siguiendo los componentes propuestos por el Modelo de la Actividad Humana y la Tecnología de Apoyo. Para su análisis se empleó un enfoque mixto.

**Resultados:** En la muestra se incluyeron un total de 44 estudios. En muchos casos, no se especificó cierta información relativa a las personas participantes. La TA analizada se centró principalmente en la detección y evitación de obstáculos, facilitando la movilidad funcional. Los dispositivos reciben la información mediante sistemas de cámaras para transmitírsela a la persona por audio. La TA está diseñada para contextos tanto interiores como exteriores de la vida diaria, y fue testada mayormente en ambientes reales.

**Conclusión:** Los productos de apoyo de alta tecnología están dirigidos principalmente a facilitar la movilidad funcional, la participación social, y la lectura de las personas con discapacidad visual. En menor medida, abordaron la educación, el deporte, o las tareas del hogar. Así, no se centraron en otras actividades relevantes como la conducción o el empleo.

**Palabras clave:** baja visión, ceguera, productos de apoyo de alta tecnología, participación ocupacional, Modelo de la Actividad Humana y de la Tecnología de Apoyo, Terapia Ocupacional.

**Tipo de trabajo:** Revisión bibliográfica.

## **ABSTRACT**

**Background:** People with visual impairment can have difficulties in performing different daily occupations. Assistive technology (AT) should be an enabler in the participation of these population's desired activities.

**Aim:** To know if high-tech assistive devices respond to difficulties in the occupational performance that people with visual impairment most frequently experiment in their day-to-day lives.

**Methodology:** A methodology of Scoping Review was used. The bibliographic search was carried out in the databases CINAHL, PubMed, Scopus y Web of Science. Thematic variables were established following the components proposed by the Human Activity Assistive Technology Model. For their analyses, a mixed methods approach was used.

**Results:** A total of 44 studies were included in the sample. In many cases, certain information regarding the participants was not specified. The analyzed AT focused mainly on the detection and avoidance of obstacles, facilitating functional mobility. The devices receive the information through camera systems to transmit it to the person by audio. The AT is designed for indoor and outdoor contexts of everyday life, and it was mostly tested in real-world environments.

**Conclusion:** The high-tech assistive devices are primarily aimed at facilitating the functional mobility, social participation, and reading of people with visual impairment. To a lesser extent, they addressed education, sports, or housework. However, they did not focus on other relevant activities such as driving or working.

**Key words:** low vision, blindness, high-tech assistive technology, occupational participation, Human Activity Assistive Technology Model, Occupational Therapy.

**Type of work:** Bibliographic review.

## **1. INTRODUCCIÓN**

### **1.1. Produtos e tecnoloxías de apoio**

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define os produtos ou tecnoloxías de apoio, anteriormente denominados axudas técnicas, como “calquera produto, instrumento, equipo ou tecnoloxía adaptada ou deseñada especificamente para mellorar o funcionamento dunha persoa con discapacidade.” Esta definición está recollida dentro da Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade, e da Saúde (CIF), formando parte dos factores ambientais. A CIF pode enmarcarse dentro dun modelo social, no que se concibe a discapacidade como un fenómeno que xorde da interacción entre a persoa e o medio.<sup>[1]</sup> Polo tanto, a aplicación da tecnoloxía de apoio é unha posible estratexia que permite reducir a influencia dos factores contextuais na participación diaria das persoas con discapacidade.<sup>[2]</sup>

A Norma UNE-EN ISO 9999:2017 (versión oficial, en español, da Norma Europea EN ISO 9999:2016, que á súa vez adopta a Norma Internacional ISO 9999:2016), segue as categorías marcadas pola CIF, e establece unha clasificación e unha terminoloxía sobre os produtos de apoio. Identifica diferentes clases de dispositivos, como son os que se empregan para apoiar ou substituír funcións corporais, ou para o adestramento de habilidades, ademais das orteses e das próteses. Así, tamén fai referencia aos produtos de apoio que se empregan durante a realización de diferentes actividades diarias como o coidado persoal, a mobilidade, as actividades domésticas, o emprego, ou o ocio. As restantes categorías fan referencia á comunicación e a xestión da información, a manipulación de obxectos e dispositivos, e ao control dos elementos da contorna física.<sup>[3]</sup>

Outro documento de referencia nesta temática é a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Nela, establécese que é unha obriga dos Estados Parte promover a investigación e o desenvolvemento, así como a dispoñibilidade e o uso da tecnoloxía de

apoio (TA) para as persoas con discapacidade.<sup>[4]</sup> Para cumprir con este cometido e poder mellorar o acceso á TA en todos os países, a OMS creou unha lista de 50 dispositivos prioritarios, en base ao grado de necesidade e aos beneficios que reportan. Esta lista pode ser unha guía para a elaboración de políticas e programas sobre TA nos diferentes países.<sup>[5]</sup> Pola súa banda, os e as profesionais da saúde tamén teñen un papel fundamental á hora de mellorar a accesibilidade da TA.<sup>[6]</sup>

A Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionais establece nunha declaración de posicionamento, que a provisión de TA é unha competencia clave dentro da práctica da terapia ocupacional, xa que promove a participación ocupacional. Esta disciplina posúe unha perspectiva integrada da TA, en relación ás habilidades da persoa, a ocupación, e o contexto, o que permite a comprensión das barreiras e os facilitadores que inflúen na súa adquisición e uso. Dende a terapia ocupacional, considérase que a falta de acceso á TA está relacionada coa inxustiza ocupacional e a privación ocupacional, impedindo que as persoas e as sociedades alcancen o seu máximo potencial de saúde.<sup>[7]</sup>

En relación á forma de clasificar a TA, para esta revisión tómase como referencia a proposta por Cook e Polgar: <sup>[2]</sup>

- A TA pode considerarse un continuo, que vai dende os dispositivos que se producen de xeito masivo (tecnoloxías convencionais), ata a tecnoloxía que é creada para as necesidades dunha persoa concreta. No punto medio deste continuo, atópanse os produtos que son deseñados para as persoas con discapacidade, pero que se poden empregar sen realizar ningunha modificación.
- Tamén existe outro continuo que inclúe dende a TA máis simple no que respecta á súa configuración e uso, ata a tecnoloxía máis complexa. Os dispositivos sinxelos adoitan ser mellor aceptados por parte da persoa usuaria, e resulta menos probable que se

empreguen de forma incorrecta. Sen embargo, soen ter unha menor funcionalidade e un valor máis reducido para a persoa.

- Outro xeito de considerar a complexidade da TA, é describindo os dispositivos como de baixa ou de alta tecnoloxía. Os produtos de baixa tecnoloxía son máis sinxelos de operar e de construír, e condúcense manualmente. Así, resulta máis doado adquirilos e o seu prezo é máis baixo. Pola contra, os de alta tecnoloxía son máis complexos de usar, e habitualmente están alimentados de xeito eléctrico ou teñen características electrónicas. Ademais, contan con múltiples funcións, que poden ser definidas pola persoa usuaria.
- Unha clasificación final distingue entre a tecnoloxía dura, que fai referencia aos dispositivos tanxibles, e a tecnoloxía branda, que son os aspectos que dan soporte ao uso do dispositivo.

Durante a prestación de servizos da TA é moi importante levar a cabo un proceso centrado na persoa e baseado na evidencia, medir os resultados en base á participación en actividades desexadas, e prestar os servizos de xeito ético e sustentable.<sup>[2]</sup> Tamén é fundamental ter en conta o nivel de usabilidade da TA, entendido como o grao no que o produto pode ser empregado pola persoa para acadar obxectivos específicos con efectividade, eficacia, e satisfacción, nun contexto de uso determinado.<sup>[8]</sup>

## **1.2. Descrición da discapacidade visual**

A 11ª edición da Clasificación Internacional de Enfermidades (CIE-11), desenvolvida pola OMS, establece dúas categorías no referente á discapacidade visual segundo o tipo de visión, que son a discapacidade visual de cerca e de lonxe. Con respecto a esta última categoría, en función da gravidade, distingue varios niveis para a visión de lonxe: leve, moderada, severa, e tres graos de cegueira.<sup>[9]</sup>

As principais causas de discapacidade visual a nivel mundial son os erros de refracción non corrixidos e as cataratas (Figura 1).<sup>[10]</sup> Sen embargo,

débese ter en conta que estas causas varían dun país a outro. Nos países de ingresos baixos e medios hai máis persoas con cataratas, mentres que nos de altos ingresos son máis frecuentes a retinopatía diabética, o glaucoma, e a dexeneración macular asociada á idade (DMAE). O mesmo sucede no caso da poboación infantil, sendo a causa principal nas rexións de baixos ingresos as cataratas conxénitas, e nas rexións de ingresos máis elevados a retinopatía do prematuro.<sup>[11]</sup> Outro aspecto tamén relevante é que as patoloxías oculares afectan de xeito diferente á calidade de vida relacionada coa visión. Ter glaucoma ou retinopatía diabética non inflúe tanto coma a DMAE ou as cataratas.<sup>[12]</sup> Ademais cabe destacar que a calidade de vida se deteriora de xeito significativo antes de que estas enfermidades oculares deriven nunha perda de visión severa ou en cegueira.<sup>[13]</sup>




Figura 1. Causas globais de discapacidade visual debido a enfermidades oculares.<sup>[10]</sup>

As condicións de saúde anteriormente expostas afectan a diferentes funcións visuais, como poden ser a agudeza ou o campo visual, a sensibilidade ao contraste, ou a visión cromática. Isto determinará as características visuais de cada persoa, e está relacionado coas dificultades ocupacionais coas que se atopa no seu día a día. Por exemplo, mentres que as persoas con escotoma central ou con visión borrosa experimentan máis problemas nas actividades que requiren visión en detalle, a perda do

campo visual periférico implica maiores limitacións á hora de detectar e evitar obstáculos durante a mobilidade.<sup>[14]</sup>

A OMS estima que a nivel mundial aproximadamente 1.300 millóns de persoas viven con algunha forma de discapacidade visual. A maioría das persoas con esta problemática teñen máis de 50 anos. Deste xeito, o envellecemento progresivo que está a experimentar a poboación mundial fará que cada vez máis persoas estean afectadas por un problema de visión.<sup>[11]</sup> A Figura 2 mostra como as limitacións para ver aumentan coa idade para o caso concreto da poboación española.<sup>[15]</sup>




Figura 2. Limitación para ver segundo grupo de idade en España (unidades en porcentaxe). Enquisa Nacional de Saúde, Instituto Nacional de Estatística.<sup>[15]</sup>

Considérase que o 80% dos casos de discapacidade visual a nivel mundial son evitables, xa que existen intervencións eficaces para previr e tratar as enfermidades oculares. Así, nos casos en que o problema de visión é irreversible, as intervencións de rehabilitación permiten mellorar o funcionamento diario da persoa.<sup>[11]</sup> A rehabilitación da baixa visión como disciplina, foi conformándose e sufrindo diversos cambios ao longo do tempo.<sup>[16]</sup> Actualmente, adóptase un modelo holístico dirixido ás catro dimensións da calidade de vida relacionada coa visión, que son: tratar a enfermidade ocular e a progresión dos síntomas asociados (factores físicos); maximizar a independencia (factores funcionais); apoiar a saúde

mental (factores psicolóxicos); e fomentar a participación comunitaria (factores sociais).<sup>[17]</sup> Destas intervencións poderán beneficiarse tanto persoas con discapacidade visual leve, como aquelas que presenten maiores problemas visuais, xa que as necesidades de rehabilitación non están asociadas co nivel de perda visual.<sup>[18]</sup> Por último, cabe destacar que nunha revisión levada a cabo no ano 2020, non se atopou evidencia dos beneficios de diferentes tipos de intervencións de rehabilitación da baixa visión na calidade de vida relacionada coa saúde. Isto pon de relevancia a necesidade de seguir realizando investigacións nesta área.<sup>[19]</sup>

### **1.3. Repercusións da discapacidade visual no desempeño ocupacional**

A vista é o sentido que máis información proporciona, e polo tanto, resulta fundamental para desempeñar as actividades cotiás.<sup>[14]</sup> A ocupación na que máis dificultades experimentan as persoas con discapacidade visual é a lectura, polo que debe ser un aspecto primordial a abordar durante a rehabilitación. Seguido da mesma, atópanse a condución e a mobilidade funcional.<sup>[20]</sup> No que respecta a esta última actividade, é especialmente importante que as persoas con problemas de visión, poidan contar coa información da contorna para facer fronte ás situacións de emerxencia coas que se atopan durante os seus desprazamentos, e así poder resolvelas de xeito independente.<sup>[21]</sup> Seguidamente, cómpre destacar as tarefas do fogar,<sup>[20]</sup> as cales foron identificadas nun estudo lonxitudinal con persoas maiores con discapacidade visual auto-reportada como un aspecto clave para o benestar.<sup>[22]</sup> Do mesmo xeito, outra actividade na que se debe poñer o foco é o deporte, xa que é importante aumentar o nivel de actividade física que realizan as persoas con discapacidade visual.<sup>[23]</sup>

Así mesmo, nunha revisión sistemática levada a cabo recentemente, conclúese que existe un forte acordo na literatura científica de que a discapacidade visual se asocia cunha participación social reducida. Unha posible hipótese que podería explicar o fenómeno, son as limitacións nas actividades diarias orixinadas pola perda de visión.<sup>[24]</sup> Diferentes factores



tales como os recursos e as características do contexto, os riscos asociados á actividade, os valores e as prioridades da persoa, así como as súas destrezas e habilidades, repercuten na participación social da poboación de estudo.<sup>[25]</sup> Ademais, os estereotipos e o estigma que rodean á discapacidade visual tamén inflúen negativamente á hora de que as persoas con perda de visión se involucren en ocupacións significativas con outras persoas.<sup>[26]</sup>

É importante ter en conta que gran parte das actividades diarias son levadas a cabo polas persoas con perda visual no fogar, pero que outras moitas teñen lugar en espazos coma o colexio ou o posto de traballo.<sup>[27]</sup> As actividades relativas ao emprego e tamén as relativas ao estudo son as ocupacións que maiormente se ven restrinxidas no caso da poboación adulta xove con discapacidade visual. Estas actividades son relevantes xa que se asocian con roles socialmente valorados e que favorecen a transición cara a vida adulta.<sup>[28]</sup> En España, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) do ano 2019, soamente un 38% das persoas con discapacidade visual ten un emprego.<sup>[29]</sup> A probabilidade de contar cun posto laboral por parte da poboación de estudo, relacionouse cun maior nivel educativo, con presentar unha maior calidade de vida, e con non ter comorbilidades asociadas.<sup>[30]</sup>

#### **1.4. O Modelo da Actividade Humana e da Tecnoloxía de Apoio**

O modelo Human Activity Assistive Technology (HAAT; en español, Modelo da Actividade Humana e da Tecnoloxía de Apoio) describe a unha persoa realizando unha actividade dentro dun contexto empregando a TA. A tecnoloxía actúa como facilitador das ocupacións diarias en que se involucra a persoa, e que realiza dentro dos diferentes contextos significativos nos cales se move. O HAAT comparte moitas características con outros modelos que integran a ocupación, a persoa, e o contexto, pero difire deles en que considera explicitamente a TA.<sup>[2]</sup> Caracterízase por ser un modelo centrado na persoa, que integra o paradigma social da discapacidade, diferentes conceptos teóricos da terapia ocupacional, e os

principios de adopción e abandono da TA. Así, conforme foi evolucionando focalizouse cada vez máis no desempeño ocupacional, sendo a actividade tanto un compoñente do modelo, coma o resultado esperado produto da súa aplicación.<sup>[31]</sup>

O HAAT é un modelo de gran relevancia para a profesión de terapia ocupacional, xa que como ben se comentou con anterioridade, os seus conceptos son consistentes con outros modelos da disciplina. Pode usarse tanto para guiar a práctica clínica, como á hora de contextualizar os estudos de investigación, deseñalos, ou seleccionar os resultados. Este marco teórico ten numerosas fortalezas, pero non está exento de críticas (ver Táboa I).<sup>[31]</sup>

Táboa I. Fortalezas e limitacións do modelo HAAT.

Fortalezas	Limitacións
Os seus conceptos centrais están adecuadamente relacionados de xeito holístico e interdependente.	Non aporta un esquema de codificación fácil de usar.
Incorpora conceptos secundarios que proveñen doutras teorías, os cales axudan a explicar en maior profundidade as súas aportacións.	Realiza unha descrición insuficiente dos conceptos.
É compatible coa linguaxe e os principios da CIF, o que fai que poida empregarse dende diferentes disciplinas.	Non se centra nos obxectivos desexados pola persoa.

O modelo HAAT está construído sobre catro compoñentes: a actividade, a persoa, a TA, e o contexto (Táboa II). En relación á actividade, é importante comprender os elementos de desempeño da mesma, e como se verá facilitada pola TA. Pola súa banda, o compoñente humano do HAAT inclúe as habilidades da persoa a nivel motor, sensorial, cognitivo, e afectivo. Ademais das funcións corporais, tamén é necesario coñecer outros

aspectos relativos á persoa, como os roles que desempeña, as experiencias previas e a motivación con respecto á tecnoloxía, xunto coa etapa do ciclo vital en que se atopa. Así, os contextos nos cales a persoa leva a cabo as súas ocupacións diarias, poden actuar como barreiras ou como facilitadores no uso dos dispositivos de apoio.<sup>[32]</sup> No referente á TA, a interacción do dispositivo coa persoa prodúcese mediante a interface humana/tecnolóxica. A interface e a saída para a actividade están unidas mediante o procesador, que traduce a información recibida dende o sensor ambiental, en sinais que poidan ser percibidos pola persoa.<sup>[2]</sup>

Táboa II. Compoñentes do modelo HAAT.

Persoa	Actividade	TA	Contexto
Físico	Auto-coidado	Interface humana/ tecnolóxica	Físico
Cognitivo	Produtividade	Procesador	Social
Somatosensorial	Ocio	Sensor ambiental	Cultural
Afectivo		Saída para a actividade	Institucional

O modelo debe ser considerado coma unha unidade, cuxos elementos contribúen a resultados desexados na participación da persoa usuaria. A actividade é identificada primeiro, seguida dos aspectos da persoa que afectan ás habilidades de desempeño desa tarefa. Tras isto, deben analizarse os factores contextuais que inflúen na execución da ocupación. Por último, intégrase a TA, a cal deberá adaptarse ás necesidades da persoa e dar resposta aos seus desafíos no referente ao compromiso en actividades con valor e significado.<sup>[32]</sup>

### **1.5. Produtos e tecnoloxías de apoio para as persoas con discapacidade visual**

A Norma UNE-EN ISO 9999:2017 incorpora os produtos de apoio para a visión dentro dos sistemas para a xestión da información e a comunicación. Inclúe dispositivos tales como filtros de luz, gafas e lentes de contacto, lupas e lentes para a magnificación, binoculares e telescopios, dispositivos

para o axuste do campo visual, e sistemas de vídeo para aumentar a imaxe.<sup>[3]</sup> Outro xeito de clasificar a TA é en base aos problemas máis frecuentes cos que se atopan no seu día a día as persoas con discapacidade visual, que son o acceso ao material de lectura impreso, a orientación e a mobilidade, e o acceso ás tecnoloxías da información e as comunicacións (Figura 3).<sup>[33]</sup>




Figura 3. Clasificación das axudas sensoriais existentes para as persoas con discapacidade visual.

En relación á frecuencia de uso na vida cotiá destes dispositivos por parte das persoas con baixa visión, toman especial importancia os sistemas de aumento, tanto ópticos como electrónicos. Seguidos dos mesmos, atópanse as tecnoloxías convencionais de axuda para a vida diaria.<sup>[34]</sup> Por exemplo, as tabletas grazas á súa versatilidade, poden converterse nunha ferramenta valiosa para apoiar o compromiso ocupacional da poboación de estudo.<sup>[35]</sup> Tamén foron identificados como habituais os reprodutores de son, as gravadoras, e os dispositivos para tomar notas. Así, os produtos

empregados en menor medida foron os dispositivos de adaptación ao ordenador. No referente á importancia atribuída, destacan as lentes e as lentes de sol para evitar o cegamento, ademais das tecnoloxías convencionais. Pola súa banda, o uso do bastón branco resultou moderado en moitos casos, por ser considerado un elemento representativo da discapacidade visual.<sup>[34]</sup> Polo tanto, co obxectivo de reducir o abandono por parte da persoa, é fundamental seguir deseñando TA innovadora que non xere tanto estigma.<sup>[36]</sup>

É importante resaltar, que á hora de determinar unha axuda sensorial para unha persoa con perda de visión, débese valorar o seu grao de discapacidade visual. No caso da poboación con baixa visión emprégase o sistema sensorial primario, e auméntase o estímulo entrante para que poida ser percibido pola persoa usuaria. Pola contra, se se trata dunha persoa con cegueira, a axuda sensorial deberá usar unha vía alternativa para proporcionar a información. É dicir, os sistemas táctil e auditivo substitúen ao sistema visual.<sup>[33]</sup>

Sen dúbida, o principal beneficio da TA é que da soporte ao desempeño de actividades que son significativas para a persoa con discapacidade visual. Con todo, existen barreiras que poden intervir no proceso da toma de decisións á hora de adquirir e usar os dispositivos. Entre elas, cómpre destacar o custo, a necesidade de adestramento, a usabilidade, a falta de coñecemento, e o feito de que a persoa queira preservar unha imaxe determinada de si mesma. A pesar disto, débese ter en conta que o proceso de toma de decisións non pode ser considerado algo puramente individual, xa que ten lugar nun contexto socio-cultural concreto que da forma aos significados que se lle atribúen aos dispositivos.<sup>[37]</sup> Factores ambientais de tipo físico, social, institucional, e cultural, poden contribuír a que a persoa con perda visual non adquira ou deixe de usar a TA.<sup>[38]</sup>

Varias revisións sistemáticas foron levadas a cabo previamente sobre a TA e as persoas con discapacidade visual. Dúas delas estiveron centradas na poboación infantil, e abordaron a influencia de diferentes tipos de

dispositivos na lectura, a educación, e a calidade de vida. Os seus resultados concluíron que non se atopou evidencia de calidade sobre a efectividade da TA nos estudos analizados.<sup>[39,40]</sup> Outra das revisións centrouse nas persoas de idade adulta con baixa visión, e na TA que está deseñada para facilitar a lectura. Neste caso, os resultados do traballo tamén apuntan a que a evidencia é insuficiente con respecto ao uso dun tipo concreto de dispositivo, xa sexa óptico ou electrónico.<sup>[41]</sup> Polo tanto, as conclusións expostas poñen de manifesto a necesidade de seguir investigando sobre esta temática. Deste xeito, mediante a presente revisión da literatura, preténdese reunir a evidencia existente sobre os dispositivos tecnolóxicos de apoio máis sofisticados e innovadores dirixidos ás persoas con discapacidade visual, dende un enfoque centrado na ocupación.

## **2. FORMULACIÓN DA PREGUNTA DE ESTUDO**

A pregunta de investigación á que se pretende dar resposta coa presente revisión da literatura formulouse seguindo a estrutura PIO:

- Poboación (population): persoas con discapacidade visual.
- Intervención (intervention): produtos de apoio de alta tecnoloxía.
- Resultado (outcomes): participación da persoa nas actividades diarias.

De que xeito promoven a participación nas actividades diarias os produtos de apoio de alta tecnoloxía que se están deseñando nos últimos anos para as persoas con discapacidade visual?

Polo tanto, o obxectivo xeral deste traballo é coñecer se os produtos de apoio de alta tecnoloxía dan resposta ás dificultades no desempeño ocupacional coas que se atopan máis frecuentemente as persoas con discapacidade visual no seu día a día. Para alcanzar este propósito final, fórmulanse os seguintes obxectivos específicos:

- Analizar as tendencias de publicación sobre os produtos de apoio de alta tecnoloxía dirixidos ás persoas con discapacidade visual en relación a diferentes variables.
- Delinear o perfil das persoas con discapacidade visual para as cales se están deseñando nos últimos anos os dispositivos de apoio de alta tecnoloxía.
- Coñecer as últimas innovacións en relación aos produtos de apoio de alta tecnoloxía para as persoas con discapacidade visual, así como o funcionamento xeral dos mesmos.
- Describir o rol facilitador dos produtos de apoio de alta tecnoloxía nos diferentes contextos da vida diaria das persoas con discapacidade visual.

### **3. METODOLOXÍA**

#### **3.1. Deseño do estudo**

Para este traballo levouse a cabo unha revisión bibliográfica de tipo “Scoping Review”, seguindo a metodoloxía proposta por Arksey e O’Malley<sup>[42]</sup>, e que foi revisada posteriormente por Levac et al<sup>[43]</sup> O obxectivo principal deste tipo de estudos é “identificar os conceptos clave que sustentan unha área de investigación, así como as principais fontes e tipos de evidencia dispoñibles acerca da mesma”. Isto fai posible determinar as lagoas de coñecemento en relación a un determinado tema, ademais de difundir e resumir os resultados da actividade científica. As autoras expoñen que para levar a cabo unha Scoping Review débense seguir as seguintes fases<sup>[42]</sup>:

- Fase 1: Identificar a pregunta de investigación.
- Fase 2: Identificar os estudos relevantes.
- Fase 3: Seleccionar os estudos.
- Fase 4: Analizar os datos.
- Fase 5: Cotexar, resumir, e comunicar os resultados.

Tamén se tivo en consideración o Protocolo PRISMA-ScR (Preferred Reporting Items for Systematic Reviews and Meta-Analyses extension for Scoping Reviews), no que aparecen recollidos os elementos que deben conformar as investigacións de alcance para asegurar a transparencia metodolóxica.<sup>[44]</sup> No apéndice I recóllese a lista de verificación, onde se especifica en que parte do documento se cumpre cada un dos criterios. Deste xeito, en coherencia co establecido na Declaración PRISMA, cómpre destacar que non se seguiu ningún protocolo previamente publicado para levar a cabo a presente revisión.

#### **3.2. Criterios de selección**

Primeiramente, debido á ampla variedade de TA existente para as persoas con discapacidade visual, considérase oportuno definir as características



principais dos dispositivos nos que se centrará esta revisión bibliográfica. Seguindo a clasificación proposta por Cook e Polgar á que se fixo referencia na introdución<sup>[2]</sup>, este traballo abordará a aplicación nas actividades diarias da TA que se caracteriza por:

- Ser de alta tecnoloxía, isto é, aqueles dispositivos que precisan de alimentación eléctrica ou teñen compoñentes electrónicos, e que ademais contan con múltiples funcións.
- Ser sistemas deseñados especificamente para as persoas con discapacidade visual. É dicir, non se considerará a TA que estea baseada na súa totalidade en dispositivos convencionais.

Como criterios de inclusión, tivéronse en consideración os seguintes aspectos:

- Investigacións que someteran a proba a TA con persoas con algún grao de discapacidade visual.
- Estudos que describan un dispositivo tecnolóxico de apoio que reúna as características previamente expostas, e que discuta as súas implicacións nas actividades diarias da poboación estudada.
- Traballos que foran publicados nos últimos 5 anos, xa que resulta de interese coñecer a TA máis innovadora aplicada ao ámbito da discapacidade visual.
- En relación co tipo de estudo, incluíronse artigos orixinais, revisións sistemáticas, ademais de comunicacións en congresos.

Ademais, establecéronse os seguintes criterios de exclusión:

- Artigos que estean noutro idioma diferente ao español, o inglés ou o portugués.
- Investigacións que non traten de forma directa sobre a temática de estudo do presente traballo.

### **3.3. Estratexia de busca**

Para atopar evidencia sobre o tema de estudo, realizouse unha busca bibliográfica nas bases de datos CINAHL, PubMed, Scopus e Web of Science. A busca máis recente foi levada a cabo durante o mes de abril de 2021. A estratexia que se empregou en cada unha das bases anteriormente citadas móstrase no apéndice II. Cabe destacar que en CINAHL e PubMed combinouse a linguaxe libre coa linguaxe controlada (tesauro). Tras isto, aplicáronse os filtros de ano, idioma, e tipo de estudo, en coherencia cos criterios de selección previamente establecidos. Ademais, co obxectivo de que os resultados estiveran o máis relacionados posible coa temática de estudo, os termos empregados na busca debían estar presentes no campo “título”.

### **3.4. Selección das fontes de evidencia**

Os rexistros devoltos polas bases de datos foron descargados ao xestor bibliográfico Mendeley para eliminar posibles duplicados. Posteriormente, os resultados foron analizados en tres fases: lectura por título, por resumo, e por texto completo (ver apéndice III). A Figura 4 mostra o proceso que se seguiu dende a identificación das posibles investigacións relevantes para a temática de estudo, ata a selección final dos traballos que conforman a mostra. O formulario que se empregou durante as diferentes fases para asegurar que os artigos cumprían cos criterios de inclusión definidos, atópase no apéndice IV. Os estudos foron excluídos no caso de que non cumpriran con algún dos ítems do formulario.




Figura 4. Diagrama de fluxo PRISMA

### 3.5. Variables

#### 3.5.1. Variables bibliométricas

A continuación, na Táboa III, defínense as variables bibliométricas que se analizaron na presente revisión. Tratáronse aspectos referentes ás

características dos artigos, e autoría, así como das revistas ou congresos en que se difundiron os resultados.

Táboa III. Descrición das variables bibliométricas

Categoría	Variable	Definición
Artigo	Ano	Data de publicación de cada estudo.
	Tipo de documento	Artigo orixinal, de síntese, ou comunicación en congreso.
	Tipo de estudo orixinal	Deseño empregado para levar a cabo a investigación.
	Metodoloxía	Cuantitativa, cualitativa, ou mixta.
Autoría	Numero de autores/as	Autoría individual ou compartida, e en caso de ser compartida o número de profesionais participantes.
	País	País de afiliación do autor ou autora principal.
Revista	Revistas principais	Nome das revistas onde se publicaron a maioría dos artigos incluídos na mostra.
	Índices Journal Citation Reports (JCR) e SCImago Journal Rank.(SJR)	Valor do factor de impacto e cuartil das revistas referente ao ano 2020.
	Área de coñecemento	Categoría á que pertence cada revista segundo JCR ou SJR.
Congresos	No caso das comunicacións en congresos, especificouse o nome do congreso, o ano, e o lugar onde foi levado a cabo.	

### 3.5.2. Variables temáticas

A análise temática realizouse en base ao modelo teórico HAAT, xa que tal e como se expuxo na introdución, pode empregarse para guiar a investigación dende terapia ocupacional<sup>[31]</sup> (ver Táboa IV). As variables establecéronse a partir dos compoñentes do modelo, e foron modificándose a medida que se ían aplicando aos diferentes artigos que conforman a mostra. Deste xeito, preténdese asegurar que a análise proposta resulte axeitada para extraer a información relevante que proporcionan as fontes de evidencia.

Táboa IV. Descrición das variables temáticas

Compoñente HAAT	Variable	Descrición da variable
Persoa	Idade	Anos das persoas participantes que empregaron a TA.
	Condición de saúde	Condición de saúde ocular das persoas participantes que non se pode corrixir e que interfere no funcionamento diario.
	Grao de discapacidade visual	Participantes cunha perda de visión moderada (baixa visión), severa (cegueira), ou pertencentes a ambos grupos.
Actividade	Actividade	Actividade que é facilitada pola TA.
	Área de desempeño	Clasificación das actividades nas áreas de auto-coidado, produtividade, ou ocio.
	Análise da actividade	Descrición dos compoñentes de cada actividade que son facilitados pola TA.

---

Tecnoloxía de apoio	Funcionamento	Descrición de como o dispositivo percibe a información presente na contorna (entrada de información), e de que xeito a presenta para que poida ser recoñecida pola persoa (saída de información).
	Participación da persoa no proceso	Determinar se se tiveron en conta as opinións das persoas usuarias sobre a TA tras o seu uso.
Contexto	Contexto da vida diaria	Espazos da vida diaria nos que se pode empregar o dispositivo.
	Contexto do experimento	Espazos nos cales foi probada a TA polas persoas participantes durante o estudo.

---

### **3.6. Análise de datos**

Para estudar as variables tanto bibliométricas como temáticas, realizouse unha análise estatística dos resultados mediante o programa Microsoft Excel. Calculáronse as frecuencias e as porcentaxes nas variables cualitativas, e os valores máximos e mínimos no caso das cuantitativas. Esta forma de análise complementouse con outra de carácter cualitativo nunha das variables temáticas que é a análise da actividade, de xeito que se poida ter unha descrición ampla de como os diferentes dispositivos tecnolóxicos facilitan a participación nas ocupacións diarias.

## 4. RESULTADOS

A mostra da presente revisión de alcance está conformada por un total de 44 artigos. En relación cos mesmos, analizáronse as variables previamente establecidas co fin de poder identificar as tendencias predominantes na produción científica relativa ao tema de estudo. Ademais, no apéndice V, recóllense individualmente para cada un dos traballos, as variables que resultan máis relevantes para responder aos obxectivos de investigación.

### 4.1. Variables bibliométricas

#### 4.1.1. Artigo

O ano con maior número de publicacións foi o 2018, con 14 artigos, o que supón un 32% do total dos estudos que conforman a mostra. Destaca tamén o 2019 (20%), que de forma conxunta co ano anterior representa máis da metade dos traballos incluídos na revisión (ver Figura 5).




Figura 5. Ano de publicación

O tipo de documento predominante na mostra é o artigo orixinal (n=33), tal e como se pode ver na Figura 6. Así, a porcentaxe relativa ás outras dúas categorías de “comunicacións en congresos” e “revisións” é semellante.




Figura 6. Tipo de estudo

Na Figura 7 móstranse os deseños de investigación que se empregaron nos estudos orixinais revisados. O máis frecuente foi o estudo de desenvolvemento de software ( $n=15$ ), no que se fai unha descrición detallada de como se construíu a TA e se proba o dispositivo con persoas con discapacidade visual. Ademais, a maior parte dos artigos ( $n=12$ ) non empregaron un grupo de comparación á hora de avaliar a eficacia da TA nas actividades diarias.




Figura 7. Tipo de estudo orixinal



Finalmente, a metodoloxía empregada máis frecuentemente nas investigacións revisadas foi a cuantitativa (n=28) (ver Figura 8).




Figura 8. Metodoloxía dos artigos

#### 4.1.2. Autoría

Como se observa na Figura 9, o número de asinantes que participan nos estudos é moi dispar, xa que vai dende 1 persoa ata un máximo de 15. Case todos traballos son de autoría compartida, predominando aqueles nos que interveñen entre 2 e 4 profesionais.




Figura 9. Número de asinantes

O país onde máis autores ou autoras exercen a súa práctica é Estados Unidos cun 27% das publicacións (n= 12). Seguido deste, atópase India cun 11% (n=5). A porcentaxe relativa a Francia e Romanía é dun 7% (n=3), e no caso de Taiwán, Corea do Sur, e Alemaña a cifra sitúase no 5% (n= 2). Os demais países sinalados na Figura 10 están representados todos eles por un único artigo (2%).




Figura 10. País de publicación

#### 4.1.3. Revista

Na Figura 11 móstranse as revistas ás que pertencen a maioría das investigacións incluídas na revisión, onde destacan *Sensors* (18%) e *Optometry and Vision Science* (9%). O resto das publicacións que non aparecen reflexadas na gráfica, están representadas por un só artigo.




Figura 11. Revistas con maior número de artigos sobre a temática de estudo

Pola súa banda, todas as revistas onde foron publicados os traballos incluídos na mostra están indexadas no JCR e/ou no SJR. O factor de impacto correspondente ao ano 2020 das revistas cun valor maior a 3 no índice JCR e maior a 1 no SJR amósase na Figura 12 e na Figura 13 respectivamente. Destaca en ambos índices a revista *eLife* xunto con *JAMA Ophthalmology*.




Figura 12. Factor de impacto JCR 2020




Figura 13. Factor de impacto SJR 2020

Ademais, a maior parte das publicacións forman parte do cuartil 2 no índice JCR (20%) e do cuartil 1 no SJR (23%), tal e como aparece reflexado na Figura 14.




Figura 14. Número de revistas en cada cuartil nos índices JCR e SJR

Finalmente, na Figura 15 e na Figura 16 móstranse as categorías nas que están incluídas as revistas da mostra. Algunhas pertencen á área de ciencias da saúde, mentres que outras están máis próximas á rama da enxeñaría. Destacan Oftalmoloxía en JCR (11%), e Medicina e Rehabilitación en SJR (7%).




Figura 15. Categorías ás que pertencen as revistas segundo JCR




Figura 16. Categorias ás que pertencen as revistas segundo SJR

#### 4.1.4. Congresos

Algunhas investigacións desta revisión non foron publicadas en ningunha revista, senón que son o resultado de comunicacións en congresos científicos. A continuación, na Táboa V expónse o nome dos congresos, o ano, e o lugar onde foron levados a cabo.

Táboa V. Congresos

Congreso	Ano	Lugar
IEEE International Conference on Computer Vision Workshops (ICCVW)	2017	Venecia (Italia)
6th IEEE International Conference on Control System, Computing and Engineering (ICCSCE)	2016	Penang (Malasia)
International Conference on Recent Trends in Image Processing and Pattern Recognition (RTIP2R)	2020	Aurangabad (India)
International Conference on Human Systems Engineering and Design (IHSED)	2018	Reims (Francia)
Medical Informatics Europe Conference (MIE)	2020	Xenebra (Suiza)

## 4.2. Variables temáticas

### 4.2.1. Persoa

No referente á idade das persoas participantes, cabe resaltar que un 41% dos estudos (n=18) non especifican esta información. Nas investigacións nas que si se proporcionan os datos, o rango de idade das persoas que proban a TA foi dende os 15 anos para o caso da persoa máis nova, ata os 93 para a de maior idade.

Do mesmo xeito, na maior parte dos artigos tampouco se especifica a información relativa á condición de saúde das persoas que empregaron o dispositivo tecnolóxico (68%). Nos casos en que si aparece reflexado, a maioría non se centra nunha condición específica, senón en múltiples enfermidades oculares (ver Figura 17).




Figura 17. Condicións de saúde das persoas participantes

Por último, un 61% dos estudos (n=27) abordan ambos graos de discapacidade visual, tanto cegueira como baixa visión, ou ben non fan unha diferenciación ao respecto (ver Figura 18).




Figura 18. Graos de discapacidade visual das persoas participantes

#### 4.2.2. Actividade

Tomando como referencia as categorías de actividade propostas polo modelo HAAT, na maior parte dos estudos incluídos na revisión (n=28) descríbense dispositivos tecnolóxicos destinados a facilitar o auto-coidado das persoas con discapacidade visual (ver Figura 19). Cabe destacar que se incluíu a categoría de “múltiples”, xa que moitos dos artigos abordan de forma conxunta varias actividades diarias á hora de testar a TA.




Figura 19. Compoñentes da actividade do modelo HAAT facilitados pola TA

A continuación, na Táboa VI, especificáanse as actividades para as cales está dirixida a TA dentro de cada un dos compoñentes anteriormente descritos. Non se tivo en consideración a categoría de “múltiples”, pola imposibilidade para enmarcar os beneficios do dispositivo nunha única tarefa de xeito illado.

Táboa VI. Actividades que son facilitadas pola TA

Compoñente HAAT	Actividade	Frecuencia	Porcentaxe
Auto-coidado	Mobilidade funcional	28	64%
Ocio	Participación social	5	11%
	Deporte	2	5%
	Lectura	4	9%
	Educación	1	2%
Produtividade	Establecemento e xestión do fogar	1	2%

Os dispositivos tecnolóxicos que se están deseñando para facilitar a mobilidade funcional das persoas con discapacidade visual, céntranse principalmente na detección e na evitación dos obstáculos. Isto permítelle á persoa recoñecer o espazo libre polo cal pode deambular, e en consecuencia, decidir sobre súa dirección de navegación. Deste xeito, vense reducidas as colisións cos obxectos presentes na contorna.<sup>[45-72]</sup> Os sistemas analizados, perciben os obstáculos que se atopan a diferentes alturas, e non unicamente os que están a nivel do chan.<sup>[47,49,53,57-59,63,67,69]</sup> Ademais, recoñecen tanto elementos estáticos coma elementos que están en movemento.<sup>[54,62,64,67,71]</sup> En consecuencia, a TA permite mellorar a confianza e a seguridade da persoa, e reducir situacións de risco coas que se pode atopar no seu día a día.<sup>[46,50,53,54,56,57,60,68,70]</sup> Tamén permiten diminuír o tempo que tarda o individuo en realizar un determinado



traxecto.<sup>[52,53,72]</sup> Así mesmo, moitos deles de xeito adicional tamén son capaces de identificar os obxectos, e non unicamente de detectalos.<sup>[53–55,64]</sup>

No referente á participación social, os estudos oriéntanse á identificación facial e ao recoñecemento das emocións básicas. Isto é, favorecen o acceso ás sinais non verbais que teñen lugar durante as interaccións sociais.<sup>[73–75]</sup> Pola súa banda, a investigación de Kose et al<sup>[76]</sup> aplica a TA para facilitar a orientación dun grupo de estudantes dentro dun campus universitario, proporcionándolles información para que poidan acceder a certos lugares de interese e favorecer a súa participación nese ámbito. Así, Smaradottir et al<sup>[77]</sup> dirixe as conclusións do seu estudo en termos xerais á participación social e o acceso ao emprego das persoas con discapacidade visual.

Tamén se identificaron dispositivos tecnolóxicos cuxa función principal era promover a participación no deporte. Nun dos casos, centrábase en múltiples actividades físicas como camiñar, correr, ou patinar sobre rodas.<sup>[78]</sup> Outro dos traballos aplicaba a tecnoloxía á práctica dun atleta, reducindo o tempo que necesitaba para dar unha volta á pista, aumentando a velocidade, e permitíndolle manter un ritmo constante durante a carreira.<sup>[79]</sup>

Certos sistemas permitiron unha mellora significativa no rendemento da lectura de proximidade<sup>[80,81]</sup>, o tamaño de lectura crítico<sup>[82]</sup>, e a velocidade media de lectura<sup>[82]</sup>. Isto derivou nun mellor desempeño en múltiples ocupacións diarias.<sup>[80,82,83]</sup> Pola súa banda, a revisión de Horton et al<sup>[84]</sup> céntrase especialmente nos dispositivos dirixidos a fomentar a aprendizaxe e a participación na educación. Estes permiten a visualización de gráficos matemáticos, a escritura e o debuxo, e a adquisición de determinadas habilidades para a vida diaria. Por último, no referente á produtividade, o sistema de intelixencia ambiental RUDO que desenvolveron Hudec et al<sup>[85]</sup> está pensado para mellorar a vida doméstica, ao facilitar o desempeño das tarefas do fogar e a interacción das persoas con discapacidade visual con aquelas coas que conviven.

Finalmente, outras investigacións abordaron de xeito conxunto varias ocupacións ao analizar os beneficios da TA. Algunhas delas agrupáronas nos dominios de actividades da vida diaria, mobilidade, e seguridade<sup>[86,87]</sup>; ou ben en navegación, comunicación, e detección/recoñecemento de obxectos.<sup>[88]</sup>

#### 4.2.3. Tecnoloxía de apoio

Para a entrada da información, a TA estudada nesta revisión emprega maioritariamente sistemas baseados en cámaras (45%), os cales proporcionan unha transmisión de imaxes en vivo da contorna. Outros métodos empregados son a utilización de sensores (por exemplo, sensores infravermellos ou de ultrasón), ou a modalidade híbrida na cal se combinan ambos sistemas (ver Figura 20).




Figura 20. Métodos de entrada de información da TA

No referente aos métodos de saída da información, tal e como se mostra na Figura 21, a TA proporciónalle á persoa usuaria unha descrición da contorna principalmente a través do sentido da audición (36%), ou mediante a combinación de estímulos auditivos con estímulos táctiles (25%).




Figura 21. Métodos de saída da información da TA

En relación coa participación das persoas usuarias da TA no proceso de investigación e deseño, pódese destacar que a maioría dos traballos (n=24) non recollen os seus comentarios ou impresións tras empregar o dispositivo tecnolóxico (ver Figura 22).




Figura 22. Participación das persoas usuarias da TA no proceso de deseño

#### 4.2.4. Contexto

A maior parte dos estudos non especifican o contexto para o cal está deseñada a TA (Figura 23), destacando os dispositivos para ser empregados tanto en espazos interiores como exteriores cando se fai referencia a este aspecto (23%).




Figura 23. Contexto da vida diaria aos que se dirixe a TA

Para rematar a variable contextos, o 50% dos estudos testan a TA en espazos reais da vida diaria, mentres que un 39% o fan en ambientes controlados e baixo condicións simuladas (ver Figura 24).




Figura 24. Contexto no que foi levado a cabo o experimento

## **5. SÍNTESE DE RESULTADOS**

A maior parte dos estudos sobre os cales se centra esta revisión bibliográfica son artigos orixinais de carácter cuantitativo que foron publicados principalmente no ano 2018. O deseño de investigación predominante foi o estudo de desenvolvemento de software. Destacan os traballos de autoría compartida nos que participan entre 2 e 4 asinantes. Estes profesionais exercen a súa práctica fundamentalmente en Estados Unidos. As dúas revistas onde máis estudos se publicaron para difundir os resultados da TA foron *Sensors* e *Optometry and Vision Science*.

En canto á descrición do perfil da persoa con discapacidade visual, o máis habitual é que os artigos non aporten información relativa á idade dos participantes, nin sobre a súa condición de saúde. Cando si se proporcionan estes datos, a TA é empregada por persoas con diferentes condicións oculares que interfíren no funcionamento e pertencentes a idades moi variables. É frecuente que non se estableza unha distinción entre as persoas con baixa visión e as persoas con cegueira.

No referente á actividade, a TA deseñada pretende facilitar o desempeño na área de auto-coidado, concretamente no que respecta á mobilidade funcional das persoas con discapacidade visual. Os dispositivos estudados permiten que a persoa poida detectar e evitar os obstáculos que se atopan ao seu redor. Outros sistemas están dirixidos a actividades coma a participación social, o deporte, a lectura, a educación, ou o establecemento e a xestión do fogar.

A TA que describen as investigacións incluídas na mostra, ten a capacidade de percibir a contorna grazas a uns sistemas baseados en cámaras. Esta información transmíteselle á persoa principalmente a través de sinais auditivas. Non é común dentro dos estudos analizados que se integren as opinións ou comentarios das persoas con discapacidade visual tras empregar a TA.

Finalmente, moitos dos artigos tampouco describen o contexto da vida diaria para o cal se deseñou a TA, aínda que a maior parte dos dispositivos son útiles tanto en espazos interiores como exteriores. No que respecta ao contexto no que se desenvolveron as actividades de proba do sistema, cómpre destacar que o máis frecuente foi testar a TA en contextos reais.

## 6. DISCUSIÓN

O obxectivo xeral deste traballo foi indagar se os produtos de apoio de alta tecnoloxía que se están deseñando recentemente para as persoas con discapacidade visual, permiten satisfacer as dificultades de participación que experimentan maiormente estas persoas no seu día a día. Abordar as ocupacións debe ser un aspecto primordial, xa que os problemas no funcionamento diario asócianse cunha peor saúde mental na poboación estudada.<sup>[89,90]</sup>

### Tendencias de publicación

Con respecto ás variables analizadas relativas ás tendencias de publicación, unicamente cabe salientarse que nos resultados se reflicte un maior interese pola temática de estudo, ademais de en Estados Unidos<sup>[45,47,51,59,62,70,80,82–84,86,87]</sup>, na India<sup>[48,53,55,56,88]</sup>. Isto pode ser derivado da alta prevalencia da discapacidade visual na rexión, que soamente é superada a nivel mundial por China.<sup>[10]</sup>

### Persoas

Un gran número dos estudos sobre TA incluídos nesta revisión, non concretaron a idade das persoas participantes.<sup>[45,48,52,53,55,59,63,64,66–68,70,76–78,84,88]</sup> Sen embargo, é importante ter presente esta información durante o proceso de deseño dos dispositivos, xa que a habilidade e o desexo de empregar a tecnoloxía varía en función do ciclo vital.<sup>[32]</sup> Ademais, as necesidades e retos cos que se atopan no día a día as persoas con discapacidade visual tamén cambian durante as diferentes etapas da vida. No caso dos nenos e nenas vense afectadas diferentes áreas da vida diaria como o desenvolvemento sensorial, a mobilidade, as actividades básicas, o xogo e o deporte. Tamén a comunicación, a interacción social, e o benestar emocional. Neste tramo de idade, é fundamental a consecución dos fitos do desenvolvemento, así como o logro das transicións vitais.<sup>[91]</sup> Polo seu lado, as persoas adultas xoves con discapacidade visual perciben peor a súa saúde mental e teñen maiores dificultades no funcionamento

social, mentres que se desempeñan mellor no funcionamento físico en comparación coas persoas maiores.<sup>[92]</sup> Así, poden atoparse con retos de participación máis frecuentemente no referente á mobilidade, á vida doméstica, á interacción interpersonal, e tamén nas actividades de ocio.<sup>[93]</sup> No que respecta ás persoas maiores, os resultados dun estudo cualitativo amosan que o tema principal foi a aceptación e o axuste na súa vida diaria. Adoitan presentar problemas de saúde de maior gravidade, o que fai que non lle dean prioridade ás discapacidades sensoriais.<sup>[94]</sup> A pesar disto, a discapacidade visual neste grupo de idade asóciase coa fragilidade e cunha menor capacidade funcional,<sup>[95]</sup> co deterioro cognitivo,<sup>[96]</sup> e cun maior risco de hospitalización,<sup>[97]</sup> ademais de cunha participación social reducida.<sup>[24]</sup>

Así mesmo, poucas investigacións se centraron en deseñar dispositivos para persoas cunha condición de saúde concreta.<sup>[45,46,51,59,72,74,77,81,82]</sup> Pola contra, este aspecto é importante telo en conta por varios motivos. En primeiro lugar, en termos de prevalencia, as enfermidades oculares máis comúns no noso medio son a retinopatía diabética, a DMAE, e o glaucoma.<sup>[11]</sup> Polo tanto, se hai máis persoas con estas condicións de saúde deberanse deseñar dispositivos dirixidos a elas, para que un maior número de individuos se poida beneficiar da TA. En segundo lugar, débese ter moi presente como inflúe cada unha das enfermidades oculares na vida diaria das persoas que a experimentan. Isto é, débese coñecer o tipo de visión da persoa para poder determinar de que xeito se verán restrinxidas as súas actividades cotiás,<sup>[14]</sup> ademais de reflexionar sobre a repercusión de cada condición na calidade de vida relacionada coa visión.<sup>[12]</sup>

Do mesmo xeito, foi menos frecuente que os estudos examinados nesta revisión, establecieran unha diferenciación entre os dispositivos dirixidos ás persoas con baixa visión<sup>[45,62,74,77,80,82,83]</sup> e os dirixidos ás persoas con cegueira<sup>[47,49,51,52,57,59,67,78,81,85]</sup>. Débese ter en consideración, que é fundamental deseñar TA tamén para as persoas cun menor grao de perda visual, xa que poden beneficiarse igualmente das intervencións de rehabilitación.<sup>[18]</sup> Outro argumento que pon de manifesto esta necesidade,



é que a calidade de vida relacionada coa visión diminúe incluso antes de que a discapacidade visual sexa moi severa ou se trate de cegueira.<sup>[13]</sup>

### Actividade

Máis da metade dos artigos da mostra centráronse na mobilidade funcional.<sup>[45–72]</sup> Isto é coherente co atopado na literatura, xa que é unha das queixas funcionais máis común das persoas con discapacidade visual. Así mesmo, a prevalencia dos problemas de mobilidade pode ser maior na poboación estudada, xa que para desempeñar outras actividades da vida diaria tamén se require camiñar. Cando as dificultades de visión se asocian cunha capacidade física reducida, aumenta o risco de caídas tanto dentro coma fora do fogar, ademais de diminuír de xeito notable a independencia.<sup>[20]</sup> Concretamente no que respecta á mobilidade funcional, a TA analizada na presente revisión, ten como obxectivo principal aumentar a seguridade durante os desprazamentos.<sup>[46,50,53,54,56,57,60,68,70]</sup> Este aspecto tamén é acorde coas necesidades ocupacionais da poboación de estudo, xa que a discapacidade visual implica unha maior probabilidade de experimentar perigos e ameazas en diferentes situacións da vida cotiá.<sup>[21]</sup>

A participación social foi a seguinte actividade máis abordada pola TA despois da mobilidade funcional, aínda que en moita menor proporción.<sup>[73–77]</sup> Existe unha evidencia sólida de que a discapacidade visual se relaciona con niveis máis baixos de participación social, asociación que podería estar mediada polas limitacións que experimentan esas persoas nas diferentes actividades diarias.<sup>[24]</sup> A participación social nas persoas con discapacidade visual pode entenderse coma o resultado dun proceso dinámico e complexo de negociación, no que interveñen circunstancias tanto persoais como contextuais.<sup>[25]</sup> Toman especial importancia tamén no desempeño desta ocupación, os estereotipos e o estigma que rodean á discapacidade visual, os cales actúan como barreiras na súa participación.<sup>[26]</sup>

Cómpre destacar que dentro da área de participación social, os produtos de apoio de alta tecnoloxía analizados prestaron especial interese ao

recoñecemento facial.<sup>[73-75]</sup> Esta función da TA sobre a que se está investigando, é congruente coa evidencia científica existente sobre a vida diaria das persoas con discapacidade visual. A perda de visión fai que os rostros se perciban borrosos ou con distorsión, orixinando dificultades á hora de recoñecer a identidade das persoas, as expresións faciais, ou as emocións dos demais. Todo isto fai que se deteriorenen as interaccións sociais e ten unha gran repercusión na vida cotiá. De feito, os problemas na percepción facial contribúen á redución da calidade de vida por encima doutras limitacións na función visual. Aínda que son comúns nas persoas con DMAE, estas dificultades poden xeneralizarse ao resto de condicións de saúde oculares.<sup>[98]</sup>

A pesar de que a lectura foi a queixa funcional máis reportada entre a poboación estudada,<sup>[18,20]</sup> o número de dispositivos incluídos na revisión cuxa finalidade era facilitar esta actividade foi reducido.<sup>[80-83]</sup> A lectura cubre unha ampla gama de ocupacións diarias que varían en canto á dificultade. Así, as tarefas que requiren unha lectura sostida e continua poden verse restrinxidas de xeito máis significativo que as que implican unha lectura puntual. Ademais, á hora de valorar a dificultade, tamén se debe ter en conta o formato en que se lle presenta o texto á persoa, se se trata dun texto en formato impreso ou dixital.<sup>[20]</sup>

Seguidamente das actividades anteriores, destaca a TA para fomentar a práctica deportiva das persoas con discapacidade visual.<sup>[78,79]</sup> Contar cunha peor agudeza visual ou requirir axuda para camiñar, son factores que se asocian con niveis máis baixos de exercicio físico nesta poboación. Así, as persoas con cegueira, pasan máis tempo participando en actividades sedentarias e realizan en menor medida exercicio moderado, en comparación con aquelas que presentan baixa visión.<sup>[23]</sup> Os dispositivos tecnolóxicos que se describen nesta revisión, poderían ser unha posible forma de incrementar os niveis de actividade física na poboación de estudo.

A área de educación soamente foi abordada por un dos estudos pertencentes á mostra.<sup>[84]</sup> Sen embargo, tanto esta actividade coma o

traballo, son ocupacións fundamentais para que as persoas xoves con discapacidade visual poidan realizar a transición cara á vida adulta, xa que se lle atribúe un importante valor social.<sup>[28]</sup> Ambas, estudo e emprego, teñen unha forte relación entre si, xa que un dos factores que se relaciona co feito de ter un posto de traballo na poboación de estudo, é contar cun maior nivel educativo.<sup>[30]</sup> Deste xeito, e tendo tamén en conta a baixa taxa de emprego das persoas con discapacidade visual en España,<sup>[29]</sup> bótase en falta, ademais de para a educación, TA que estea deseñada especificamente para fomentar a participación no traballo. Certo é, que a pesar de que a TA é esencial para o acceso ao traballo das persoas con discapacidade visual, existen certos retos á hora de integrar a tecnoloxía no posto laboral.<sup>[99]</sup>

Unha única investigación abordou a aplicación da TA nas actividades de establecemento e xestión do fogar.<sup>[85]</sup> Pola contra, débese ter presente que non todas as limitacións na actividade repercuten de igual xeito na vida das persoas con perda visual. Concretamente, as tarefas do fogar foron identificadas coma un factor clave con gran influencia no benestar da poboación de estudo.<sup>[22]</sup>

Os problemas na conducción foron a segunda queixa funcional máis común tras a lectura. As persoas cunha maior perda de visión non adoitan identificar esta actividade coma unha prioridade a abordar durante a súa rehabilitación, senón que prescinden directamente da ocupación ao percibila como moi complexa. Pola súa banda, os máis xoves si que consideran fundamental mellorar o seu desempeño na conducción, o cal é coherente coas demandas existentes na vida diaria das persoas desta idade, xa que contan con máis responsabilidades a nivel familiar, laboral, ou escolar, que fai que precisen en maior medida dun medio de transporte.<sup>[20]</sup> Neste traballo de revisión non se recolle ningún dispositivo dirixido a facilitar a conducción, debido a que os estudos sobre a temática non cumpriron os criterios de inclusión no referente ao tipo de tecnoloxía. Sen embargo, si que se esta investigando sobre TA aplicada a esta área.<sup>[100,101]</sup>

### Tecnoloxía de apoio

O presente estudo baseouse nos produtos de apoio de alta tecnoloxía. Este tipo de dispositivos cunha estética moderna poden ser aceptados de xeito máis positivo que a tecnoloxía que tradicionalmente representa a discapacidade visual.<sup>[36]</sup> Así mesmo, tamén co obxectivo de reducir o estigma asociado, sería posible empregar as tecnoloxías convencionais para favorecer a participación ocupacional das persoas con discapacidade visual.<sup>[35]</sup>

A clasificación empregada neste estudo para establecer os sistemas mediante os que a TA é capaz de percibir a información da contorna, tamén foi empregada por dúas das revisións incluídas na mostra.<sup>[48,58]</sup> Os sistemas baseados en cámaras foron os máis frecuentes.<sup>[48,52,58,59,61,62,71–75,77,80–84,86–88]</sup> Este tipo de tecnoloxías deben deseñarse tendo en conta as preocupacións das persoas con discapacidade visual en relación coa cantidade e a natureza da información que consideran de xustiza percibir, e a que pola contra, estiman que supón unha vulneración da privacidade doutras persoas. Tamén é fundamental que sexan sistemas fiables en canto aos datos que proporcionan, xa que poden conducir ás persoas usuarias a situacións non desexadas.<sup>[102]</sup>

En canto á saída de información, predominan os dispositivos de substitución sensorial, os cales se caracterizan por dirixir os estímulos ao sistema auditivo ou ao sistema táctil, de xeito alternativo á visión.<sup>[33]</sup> Maiormente, a TA estudada nesta revisión emprega a audición para transmitirle as características da contorna ao individuo.<sup>[48,49,51,52,54,64,68–70,76,78,81,83,86–88]</sup> É importante que as persoas usuarias teñan control sobre os sinais auditivos proporcionados, e que estes sinais complementen a información que de xeito natural proporciona o ambiente en lugar de substituíla.<sup>[103]</sup>

Pola súa banda, os resultados mostran que menos da metade das investigacións incluídas na revisión contaron coa opinión das persoas

usuarias da TA durante o proceso de deseño da mesma.<sup>[46,47,50,54,58,61,63,66,69-71,73-78,80,81,85]</sup> A práctica centrada na persoa é un dos principios centrais da prestación de servizos da TA. Seguindo esta premisa, debe ser a tecnoloxía a que se adapte ás necesidades da persoa cando se involucra en actividades que considera significativas, e non viceversa. Este aspecto é relevante debido a que os dispositivos que se crean sen integrar a visión da persoa, teñen menos probabilidades de ser adoptados para o propósito para o cal foron deseñados.<sup>[2]</sup> É preciso sinalar que a mellora da usabilidade, tanto da TA como da tecnoloxía convencional que empregan as persoas con discapacidade visual, é un tema que debe ser abordado. Así, para cumprir con ese obxectivo, resulta fundamental aplicar as características do deseño centrado na persoa.<sup>[8]</sup>

### Contexto

As persoas con discapacidade visual requiren de dispositivos tecnolóxicos en ambientes tanto interiores como exteriores; en contextos familiares e tamén descoñecidos. Deste xeito, a TA debe adaptarse a un amplo rango de escenarios con características variables en canto a contraste, brillo, ou iluminación. Así, resulta fundamental coñecer os espazos significativos nos cales as persoas con discapacidade visual desempeñan as súas ocupacións.<sup>[27]</sup> A TA analizada na presente revisión pode empregarse en contextos interiores e tamén en contextos exteriores da vida diaria.<sup>[47,53,56,57,61,64,66,70,78,83]</sup> Así mesmo, algúns dispositivos están especialmente deseñados para ambientes cunha baixa iluminación.<sup>[45,46,72]</sup>

Nos resultados tamén se observa que a TA foi probada maiormente en espazos reais cos que se poden atopar as persoas con discapacidade visual no seu día a día.<sup>[47,50,70,75-79,81-83,85,51,86,87,53,54,56,60,64,67,68]</sup> Sen embargo, moi poucas investigacións describiron o uso da TA integrada na rutina das persoas usuarias. É importante ter en conta que outro dos principios esenciais no proceso de provisión da TA, é que os dispositivos deben facilitar a participación en ocupacións. Así, o feito de que un produto

de apoio realice a función para a cal se deseñou, non é suficiente para predicir o seu uso axeitado na vida diaria dunha persoa.<sup>[2]</sup>

### **6.1. Limitacións da revisión e futuras liñas de investigación**

Cómpre destacar varias limitacións da presente revisión de alcance. Primeiramente, o modelo teórico empregado para guiar o traballo, foi de utilidade porque permitiu identificar grandes bloques a partir dos cales se estableceron as variables de interese. Sen embargo, non se puideron aplicar os subcompoñentes definidos polo modelo, xa que en moitos casos a información non estaba dispoñible nos artigos examinados. Ademais, débese ter en conta que o feito de seguir unha clasificación determinada para enmarcar as actividades diarias, aínda que é necesario para cumprir co obxectivo da investigación, en certo modo limita o traballo. Moitas das ocupacións son transversais e non se poden limitar a unha única área de desempeño. Do mesmo xeito, o significado atribuído ás mesmas varía para cada persoa en función dos seus valores e intereses. Por último, resulta importante expoñer tamén que os poucos coñecementos sobre desenvolvemento tecnolóxico da autora, puideron limitar a comprensión do funcionamento da TA analizada.

Esta revisión pode ser unha guía para identificar as necesidades ocupacionais das persoas con discapacidade visual que non están cubertas polos dispositivos de apoio de alta tecnoloxía sobre os que se está investigando na actualidade. Polo tanto, vindeiros traballos deberían estudar a aplicación deste tipo de TA nun maior número de actividades, tendo en conta as dificultades experimentadas no día a día polas persoas con discapacidade visual. Ademais, tamén é de vital importancia comprobar a utilidade real dos dispositivos nas rutinas diarias da poboación de estudo. Así mesmo, futuras revisións poderían centrarse en realizar unha análise similar pero focalizándose nas posibilidades que ofrecen as tecnoloxías convencionais.

## **7. CONCLUSIÓN**

Tras realizar unha análise centrada na ocupación dos produtos de apoio de alta tecnoloxía máis recentes aplicados ao ámbito da discapacidade visual, establécense as seguintes conclusións:

- A TA está dirixida principalmente a facilitar a mobilidade funcional, a participación social, e a lectura das persoas con discapacidade visual. Así mesmo, os estudos centráronse en menor medida na educación, o deporte, e as tarefas do fogar. En cambio, non abordaron outras ocupacións nas que a poboación de estudo tamén adoita experimentar dificultades de participación como son a conducción e o emprego.
- Non foi posible establecer un perfil de persoa para o cal se está deseñando a TA, xa que en moitos casos, os estudos non proporcionaron información sobre a idade, a condición de saúde, ou o grao de discapacidade visual dos participantes.
- Os produtos de apoio de alta tecnoloxía aplicados á discapacidade visual fundaméntanse en sistemas que captan a información da contorna mediante unha cámara, e que despois de ser procesada, se lle transmite á persoa usuaria mediante un estímulo auditivo. Aparte de coñecer o funcionamento destes dispositivos, resulta primordial integrar a perspectiva da persoa no proceso de deseño da TA para asegurar a súa usabilidade.
- En xeral, os dispositivos están deseñados para ser empregados á hora de realizar actividades tanto en contextos exteriores coma en contextos interiores da vida diaria. Sen embargo, a súa aplicabilidade real nos mesmos podería verse reducida, xa que os espazos nos que se se probou a TA coas persoas participantes foron ambientes controlados.

## **8. AGRADECIMENTOS**

En primeiro lugar, agradecerlle enormemente ás miñas titoras Mercedes e Laura, o tempo que lle dedicaron a este traballo e todos os coñecementos que compartiron comigo. Moitas grazas polos vosos valiosos consellos.

Grazas a Mariña, pola súa predisposición a resolverme as dúbidas sobre os aspectos lingüísticos do traballo. Por suposto, grazas tamén polos momentos compartidos xuntas.

Moitas grazas a Xeila, por darme ánimos e comprenderme sempre ao longo destes anos na universidade.

Así mesmo, grazas a meus pais, polo seu apoio incondicional e por escoitarme nos momentos de maior dificultade cos que me atopei durante o proceso de realización deste estudo.



## **9. BIBLIOGRAFÍA**

1. Organización Mundial de la Salud (OMS). Clasificación Internacional del Funcionamiento, de la Discapacidad, y de la Salud [Internet]. 2001;330. Available from: <https://www.imsero.es/InterPresent2/groups/imsero/documents/binario/435cif.pdf>
2. Cook A, Polgar J, Encarnação P. Principles of Assistive Technology. Introducing the Human Activity Assistive Technology Model [Internet]. En: Assistive Technologies: Principles and Practice. Misuri: Elsevier; 2019. página 1-15. Available from: <https://www.elsevier.com/books/assistive-technologies/cook/978-0-323-52338-7>
3. Agencia Española de Normalización. Productos de apoyo para personas con discapacidad clasificación y terminología (ISO 9999:2016) [Internet]. 2017;180. Available from: <https://www.une.org/encuentra-tu-norma/busca-tu-norma/norma?c=N0058322>
4. Organización de Naciones Unidas (ONU). Convención sobre los Derechos de las Personas con Discapacidad [Internet]. 2006;42. Available from: <https://www.un.org/development/desa/disabilities-es/convencion-sobre-los-derechos-de-las-personas-con-discapacidad-2.html>
5. Organización Mundial de la Salud (OMS). Lista de ayudas técnicas prioritarias [Internet]. 2016;16. Available from: <https://www.who.int/es/publications/i/item/priority-assistive-products-list>
6. Du Toit R, Keeffe J, Jackson J, Bell D, Minto H, Hoare P. A Global Public Health Perspective: Facilitating Access to Assistive Technology. Optom Vis Sci [Internet] 2018;95(9):883-8. Available from: doi:10.1097/OPX.0000000000001272

7. Federación Mundial de Terapeutas Ocupacionales. Terapia Ocupacional y Tecnología de Asistencia (declaración de posicionamiento). 2019;Available from: <https://www.wfot.org/resources/occupational-therapy-and-assistive-technology>
8. Kim HN. User experience of mainstream and assistive technologies for people with visual impairments. *Technol Disabil [Internet]* 2018;30(3):127-33. Available from: doi 10.3233/TAD-180191
9. Organización Mundial de la Salud (OMS). ICD-11 for Mortality and Mobility Statics [Internet]. 2020;Available from: <https://icd.who.int/browse11/l-m/en#/http%3A%2F%2Fid.who.int%2Ficd%2Fentity%2F1429535477>
10. Pascolini D, Mariotti S. Global estimates of visual impairment: 2010. *Br J Ophthalmol [Internet]* 2012;96:614-8. Available from: doi:10.1136/bjophthalmol-2011-300539
11. Organización Mundial de la Salud (OMS). Ceguera y discapacidad visual [Internet]. 2018 [citado 2021 feb 6];Available from: <https://www.who.int/es/news-room/fact-sheets/detail/blindness-and-visual-impairment>
12. Johansson L, Škiljić D, Erhag H, Ahlner F, Pernheim C, Sterner T, et al. Vision-related quality of life and visual function in a 70-year-old Swedish population. *Acta Ophthalmol [Internet]* 2020;98(5):521–529. Available from: doi: 10.1111/aos.14341
13. Taipale J, Mikhailova A, Ojamo M, Nättinen J, Väättäinen S, Gissler M, et al. Low vision status and declining vision decrease Health-Related Quality of Life: Results from a nationwide 11-year follow-up study. *Qual Life Res [Internet]* 2019;28(12):3225–3236. Available from: doi: 10.1007/s11136-019-02260-3
14. Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE). Discapacidad

- visual e incidencia en la autonomía [Internet]. En: Discapacidad visual y autonomía personal. Enfoque práctico de la rehabilitación. Madrid: 2012. página 77-110. Available from: [https://sid.usal.es/idocs/F8/FDO26230/discap\\_visual.pdf](https://sid.usal.es/idocs/F8/FDO26230/discap_visual.pdf)
15. Instituto Nacional de Estadística (INE). Encuesta Nacional de Salud: Limitaciones sensoriales, visuales, y auditivas [Internet]. 2017 [citado 2021 mar 10]; Available from: <https://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?path=/t15/p419/a2017/p04/I0/&file=08001.px#!tabs-grafico>
  16. Markowitz S. State of the art: low vision rehabilitation. *Can J Ophthalmol* [Internet] 2016;51(2):59-66. Available from: [doi.org/10.1016/j.cjco.2015.11.002](https://doi.org/10.1016/j.cjco.2015.11.002)
  17. Luu W, Kalloniatis M, Bartley E, Tu M, Dillon L, Zangerl B, et al. A holistic model of low vision care for improving vision-related quality of life. *Clin Exp Optom* [Internet] 2020;103:733–741. Available from: [doi:10.1111/cxo.13054](https://doi.org/10.1111/cxo.13054)
  18. Macnaughton J, Latham K, Vianya-Estopa M. Rehabilitation needs and activity limitations of adults with a visual impairment entering a low vision rehabilitation service in England. *Ophthalmic Physiol Opt* [Internet] 2019;39(2):113-26. Available from: [doi: 10.1111/opo.12606](https://doi.org/10.1111/opo.12606)
  19. Van Nispen R, Virgili G, Hoeben M, Langelaan M, Klevering J, Eunen J, et al. Low vision rehabilitation for better quality of life in visually impaired adults. *Cochrane Database Syst Rev* [Internet] 2020; Available from: [doi: 10.1002/14651858.CD006543.pub2](https://doi.org/10.1002/14651858.CD006543.pub2)
  20. Brown J, Goldstein J, Chan T, Massof R, Rumulu P. Characterizing functional complaints in patients seeking outpatient low-vision services in the United States. *Ophthalmology* [Internet] 2014;121(8):1655-62. Available from: [doi: 10.1016/j.ophtha.2014.02.030](https://doi.org/10.1016/j.ophtha.2014.02.030)
  21. Saur R, Hansen M, Jansen A, Heir T. Visually impaired individuals,

- safety perceptions and traumatic events: a qualitative study of hazards, reactions and coping. *Disabil Rehabil* [Internet] 2017;39(7):691-6. Available from: <https://doi.org/10.3109/09638288.2016.1161836>
22. Xiang X, Freedman V, Khushali S, X Hu R, Stagg B, Ehrlich J. Self-reported Vision Impairment and Subjective Well-being in Older Adults: A Longitudinal Mediation Analysis. *J Gerontol A Biol Sci Med* [Internet] 2020;75(3):589–595. Available from: doi: 10.1093/gerona/glz148
23. Barbosa Porcellis da Silva R, Carriconde Marques A, Fossati Reichert F. Objectively measured physical activity in Brazilians with visual impairment: description and associated factors. *Disabil Rehabil* [Internet] 2018;40(18):2131-7. Available from: doi.org/10.1080/09638288.2017.1327984
24. Shah K, Frank C, Ehrlich J. The association between vision impairment and social participation in community-dwelling adults: a systematic review. *Eye (Lond)* [Internet] 2020;34(2):290-29. Available from: doi: 10.1038/s41433-019-0712-8
25. Rudman D, Gold D, McGrath C, Zuvella B, Spafford M, Renwick R. “Why would I want to go out?”: Age-related Vision Loss and Social Participation. *Can J aging* [Internet] 2016;35(4):465–478. Available from: doi:10.1017/S0714980816000490
26. Fraser S, Beeman I, Southall K, Wittich W. Stereotyping as a barrier to the social participation of older adults with low vision: A qualitative focus group study. *BMJ Open* [Internet] 2019;9(9):11. Available from: doi 10.1136/bmjopen-2019-029940
27. Starke S, Golubova E, Crossland M, Wolffsohn J. Everyday visual demands of people with low vision: A mixed methods real-life recording study. *J Vis* [Internet] 2020;20(9):1-16. Available from: <https://doi.org/10.1167/jov.20.9.3>

28. Elsman E, Van Rens G, Van Nispen R. Impact of visual impairment on the lives of young adults in the Netherlands: a concept-mapping approach. *Disabil Rehabil* [Internet] 2017;39(26):2607-18. Available from: <https://doi.org/10.1080/09638288.2016.1236408>
29. Instituto Nacional de Estadística (INE). El empleo de las personas con discapacidad. Tasa de actividad, empleo, y paro. [Internet]. 2019 [citado 2021 mar 14]; Available from: [https://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?path=/t22/p320/base\\_2015/serie/0/&file=03004.px#!tabs-tabla](https://www.ine.es/jaxi/Datos.htm?path=/t22/p320/base_2015/serie/0/&file=03004.px#!tabs-tabla)
30. Marques A, Macedo A, Ramos Lima P, Hernandez Moreno L, Butt T, Rubin G, et al. Productivity Losses and Their Explanatory Factors Amongst People with Impaired Vision. *Ophthalmic Epidemiol* [Internet] 2019;26(6):378-92. Available from: doi: 10.1080/09286586.2019.1632904
31. Giesbrecht E. Application of the Human Activity Assistive Technology model for occupational therapy research. *Aust Occup Ther J* [Internet] 2013;60:230-40. Available from: doi: 10.1111/1440-1630.12054
32. Cook A, Polgar J, Encarnação P. Activity, Human, and Context [Internet]. En: *Assistive Technologies: Principles and Practice*. Misuri: Elsevier; 2019. página 31-55. Available from: <https://www.elsevier.com/books/assistive-technologies/cook/978-0-323-52338-7>
33. Cook A, Polgar J, Encarnação P. Sensory aids for persons with visual impairments [Internet]. En: *Assistive Technologies: Principles and Practice*. Misuri: Elsevier; 2019. página 321-55. Available from: <https://www.elsevier.com/books/assistive-technologies/cook/978-0-323-52338-7>
34. Foka D, Polgar J, Shaw L, Jutai J. Low vision assistive technology device usage and importance in daily occupations. *Work* [Internet] 2011;39(1):37-48. Available from: doi 10.3233/WOR-2011-1149

35. Smallfield S, Emmert C, Fang L, Kaldenberg J. iPad Use Among Older Women with Low Vision: Follow-Up Focus Group Findings. *Occup Ther Heal care* [Internet] 2020;1-15. Available from: doi.org/10.1080/07380577.2020.1809048
36. Piculo dos Santos A, Moya Ferrari A, Orsi Mendola F, Eika Sandnes F. Aesthetics and the perceived stigma of assistive technology for visual impairment. *Disabil Rehabil Assist Technol* [Internet] 2020;1-7. Available from: doi.org/10.1080/17483107.2020.1768308
37. McGrath C, Astell A. The benefits and barriers to technology acquisition: Understanding the decision-making processes of older adults with age-related vision loss. *Br J Occup Ther* [Internet] 2017;80(2):123–131. Available from: doi: 10.1177/0308022616667959
38. McGrath C, Corrado A. The environmental factors that influence technology adoption for older adults with age-related vision loss. *Br J Occup Ther* [Internet] 2019;82(8):493–501. Available from: doi 10.1177/0308022618813247
39. Thomas R, Barker L, Rubin G, Dahlmann-Noor A. Assistive technology for children and young people with low vision. *Cochrane Database Syst Rev* [Internet] 2015;18(6). Available from: doi: 10.1002/14651858.CD011350.pub2.
40. Barker L, Thomas R, Rubin G, Dahlmann-Noor A. Optical reading aids for children and young people with low vision. *Cochrane Database Syst Rev* [Internet] 2015;(3). Available from: doi: 10.1002/14651858.CD010987.pub2
41. Virgili G, Acosta R, Bentley S, Giacomelli G, Allcock C, Evans J. Reading aids for adults with low vision. *Cochrane Database Syst Rev* [Internet] 2018;(4). Available from: doi: 10.1002/14651858.CD003303.pub4
42. Arksey H, O'Malley L. Scoping studies: towards a methodological

- framework. *Int J Soc Res Methodol Theory Pr* [Internet] 2005;8(1):19-32. Available from: doi:%0A10.1080/1364557032000119616
43. Levac D, Colquhoun H, O'Brien K. Scoping studies: advancing the methodolog. *Implement Sci* [Internet] 2010;5(69):1-9. Available from: doi: 10.1186/1748-5908-5-69
  44. Tricco A, Lillie E, Zarin W, O'Brien K, Colquhoun H, Levac D, et al. PRISMA Extension for Scoping Reviews (PRISMA-ScR): Checklist and Explanation. *Ann Intern Med* [Internet] 2018;160(7):467-73. Available from: doi: 10.7326/M18-0850.
  45. Angelopoulos AN, Ameri H, Mitra D, Humayun M. Enhanced Depth Navigation Through Augmented Reality Depth Mapping in Patients with Low Vision. *Sci Rep* [Internet] 2019;9(1):10. Available from: doi 10.1038/s41598-019-47397-w
  46. Brown FE, Sutton J, Yuen HM, Green D, Van Dorn S, Braun T, et al. A novel, wearable, electronic visual aid to assist those with reduced peripheral vision. *PLoS One* [Internet] 2019;14(10):17. Available from: doi.org/10.1371/journal.pone.0223755
  47. Katzschmann RK, Araki B, Rus D. Safe Local Navigation for Visually Impaired Users With a Time-of-Flight and Haptic Feedback Device. *IEEE Trans Neural Syst Rehabil Eng* [Internet] 2018;26(3):583-93. Available from: doi 10.1109/TNSRE.2018.2800665
  48. Kaur P, Garg R. Camera and Sensors-Based Assistive Devices For Visually Impaired Persons: A Systematic Review. *Int J Sci Technol Res* 2019;8(8):622-41.
  49. Kim J-HJH, Park J-EJE, Lee JMJ-M. 3-D Space Visualization System Using Ultrasonic Sensors as an Assistive Device for the Blind. *IEEE J Transl Eng Heal Med* [Internet] 2020;8:5. Available from: doi 10.1109/JTEHM.2020.2978842
  50. Kiuru T, Metso M, Utriainen M, Metsävainio K, Jauhonen HM, Rajala

- R, et al. Assistive device for orientation and mobility of the visually impaired based on millimeter wave radar technology—Clinical investigation results. *Cogent Eng* [Internet] 2018;5(1):12. Available from: doi.org/10.1080/23311916.2018.1450322
51. Liu Y, Stiles NRB, Meister M. Augmented reality powers a cognitive assistant for the blind. *Elife* [Internet] 2018;7:17. Available from: doi: 10.7554/eLife.37841
  52. Manlises CO, Yumang AN, Marcelo MM, Adriano AJB, Reyes JRV. Indoor navigation system based on computer vision using CAMShift and D\* algorithm for visually impaired [Internet]. En: International Conference on Control System, Computing and Engineering. 2017. página 481-4. Available from: doi 10.1109/ICCSCE.2016.7893623
  53. Meshram V V., Patil K, Meshram VA, Shu FC. An Astute Assistive Device for Mobility and Object Recognition for Visually Impaired People. *IEEE Trans Human-Machine Syst* [Internet] 2019;49(5):449-60. Available from: doi 10.1109/THMS.2019.2931745
  54. Mocanu B, Tapu R, Zaharia T. When Ultrasonic Sensors and Computer Vision Join Forces for Efficient Obstacle Detection and Recognition. *Sensors* [Internet] 2016;16(11):23. Available from: doi 10.3390/s16111807
  55. Pardeshi SR, Pawar VJ, Kharat KD, Chavan S. Assistive Technologies for Visually Impaired Persons Using Image Processing Techniques – A Survey [Internet]. En: Communications in Computer and Information Science. 2021. página 95-110. Available from: doi 10.1007/978-981-16-0507-9\_9
  56. Patil K, Jawadwala Q, Shu FC. Design and Construction of Electronic Aid for Visually Impaired People. *IEEE Trans Human-Machine Syst* [Internet] 2018;48(2):172-82. Available from: doi 10.1109/THMS.2018.2799588
  57. Buchs G, Simon N, Maidenbaum S, Amedi A. Waist-up protection for



- blind individuals using the EyeCane as a primary and secondary mobility aid. *Restor Neurol Neurosci* [Internet] 2017;35(2):225-35. Available from: doi: 10.3233/RNN-160686
58. Plikynas D, Žvironas A, Budrionis A, Gudauskis M. Indoor Navigation Systems for Visually Impaired Persons: Mapping the Features of Existing Technologies to User Needs. *Sensors* [Internet] 2020;20(3):18. Available from: doi 10.3390/s20030636
59. Pundlik S, Tomasi M, Moharrer M, Bowers AR, Luo G. Preliminary Evaluation of a Wearable Camera-based Collision Warning Device for Blind Individuals. *Optom Vis Sci* [Internet] 2018;95(9):747-56. Available from: doi 10.1097/OPX.0000000000001264
60. Ramadhan A. Wearable Smart System for Visually Impaired People. *Sensors* [Internet] 2018;18(3):13. Available from: doi 10.3390/s18030843
61. Real S, Araujo A. Navigation Systems for the Blind and Visually Impaired: Past Work, Challenges, and Open Problems. *Sensors* [Internet] 2019;19(15):20. Available from: doi 10.3390/s19153404
62. Sayed AM, Shousha MA, Baharul Islam MD, Eleiwa TK, Kashem R, Abdel-Mottaleb M, et al. Mobility improvement of patients with peripheral visual field losses using novel see-through digital spectacles. *PLoS One* [Internet] 2020;15(10):16. Available from: doi 10.1371/journal.pone.0240509
63. Schätzle S, Hulin T, Pleintinger B. VibroTac S: An Electronic Assistive Device for Blind and Visually Impaired People to Avoid Collisions [Internet]. En: *Advances in Intelligent Systems and Computing*. 2019. página 613-9. Available from: doi 10.1007/978-3-030-02053-8\_94
64. Tapu R, Mocanu B, Zaharia T. A computer vision-based perception system for visually impaired. *Multimed Tools Appl* [Internet] 2017;76(9):11771-807. Available from: doi 10.1007/s11042-016-3617-6

65. Yang C-M, Jung J-Y, Kim J-J. Development and Evaluation of Shoe-type Walking Assistive Device for Visually Impaired Person. *Sensors Mater* [Internet] 2018;30(8):1869-76. Available from: doi 10.18494/SAM.2018.1900
66. Caraiman S, Morar A, Owczarek M, Burlacu A, Rzeszotarski D, Botezatu N, et al. Computer Vision for the Visually Impaired: The Sound of Vision System [Internet]. En: International Conference on Computer Vision Workshops. 2017. Available from: doi 10.1109/ICCVW.2017.175
67. Caraiman S, Zvoristeanu O, Burlacu A, Herghelegiu P. Stereo Vision Based Sensory Substitution for the Visually Impaired. *Sensors* [Internet] 2019;19(12):18. Available from: doi 10.3390/s19122771
68. Chang W-J, Chen L-B, Sie C-Y, Yang C-H. An Artificial Intelligence Edge Computing-Based Assistive System for Visually Impaired Pedestrian Safety at Zebra Crossings. *IEEE Trans Consum Electron* [Internet] 2021 [citado 2021 may 4];67(1):3-11. Available from: doi 10.1109/TCE.2020.3037065
69. Cheng P-H. Wearable ultrasonic guiding device with white cane for the visually impaired: A preliminary verisimilitude experiment. *Assist Technol* [Internet] 2016;28(3):127-36. Available from: doi 10.1080/10400435.2015.1123781
70. Elmannai W, Elleithy K. Sensor-based assistive devices for visually-impaired people: Current status, challenges, and future directions. *Sensors* [Internet] 2017;17(3):42. Available from: doi 10.3390/s17030565
71. Hoffmann R, Spagnol S, Kristjánsson Á, Unnthorsson R. Evaluation of an Audio-haptic Sensory Substitution Device for Enhancing Spatial Awareness for the Visually Impaired. *Optom Vis Sci* [Internet] 2018;95(9):757-65. Available from: doi 10.1097/OPX.0000000000001284

72. Ikeda Y, Nakatake S, Funatsu J, Fujiwara K, Tachibana T, Murakami Y, et al. Night-vision aid using see-through display for patients with retinitis pigmentosa. *Jpn J Ophthalmol* [Internet] 2019;63(2):181-5. Available from: doi 10.1007/s10384-018-00644-5
73. Buimer HP, Bittner M, Kosteljik T, van der Geest TM, Nemri A, van Wezel RJA, et al. Conveying facial expressions to blind and visually impaired persons through a wearable vibrotactile device. *PLoS One* [Internet] 2018;13(3):16. Available from: doi 10.1371/journal.pone.0194737
74. Calabrèse A, Aguilar C, Faure G, Matonti F, Hoffart L, Castet E, et al. A Vision Enhancement System to Improve Face Recognition with Central Vision Loss. *Optom Vis Sci* [Internet] 2018;95(9):738-46. Available from: doi 10.1097/OPX.0000000000001263
75. Sarfraz MS, Constantinescu A, Zuzej M, Stiefelhagen R. A Multimodal Assistive System for Helping Visually Impaired in Social Interactions. *Informatik-Spektrum* [Internet] 2017;40(6):540-5. Available from: doi 10.1007/s00287-017-1077-7
76. Kose U, Vasant P. Better campus life for visually impaired University students: intelligent social walking system with beacon and assistive technologies. *Wirel Networks* [Internet] 2020;26(7):4789-803. Available from: doi 10.1007/s11276-018-1868-z
77. Smaradottir B, Garmann-Johnsen NF, Omnes S, Ludvigsen A-E, Reiso H. The SmartSight Project: Use of Electronic Glasses to Improve Impaired Fields of Vision. *Digit Pers Heal Med* [Internet] 2020;270:453-7. Available from: doi 10.3233/SHTI200201
78. Ferrand S, Alouges F, Aussal M. An electronic travel aid device to help blind people playing sport. *IEEE Instrum Meas Mag* [Internet] 2020;23(4):14-21. Available from: doi 10.1109/MIM.2020.9126047
